C.P.I. O TOURAL. VILABOA

# PROGRAMACIÓN CURSO 2022 – 2023

# DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS: XEOGRAFÍA E HISTORIA

| | |
|---|---|
| 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | 4 |
| 2. OBXECTIVOS | 6 |
| 3. PROGRAMACIÓN POR MATERIAS: XEOGRAFÍA E HISTORIA | 8 |
| 3.2. Xeografía e Historia (2º ESO) | 22 |
| 3.4. Xeografía e Historia (4º ESO) | 46 |
| 4. AVALIACIÓN | 64 |
| 4.1. Criterios de cualificación | 65 |
| 4.2 Organización de recuperación e avaliación do alumnado coa materia pendente | 66 |
| 5. PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS | 67 |
| 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 69 |
| 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 72 |
| 8. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA | 73 |
| 9. VALORES ÉTICOS | |
| INTRODUCIÓN | 76 |
| OBXECTIVOS | 79 |
| PROGRAMACIÓN DOS CATRO CURSOS | 81 |
| AVALIACIÓN | 124 |
| 10. 4º DE ESO INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL | |
| OBXECTIVOS | 130 |

DESCRITORES 133
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE 139
ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES 145
CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE 154
METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA 160
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 161
RECURSOS DIDÁCTICOS 162

12. METODOLOXÍA DE TRABALLO NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA 164
13. CONCLUSIÓN 167

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI O Toural de Vilaboa está situado no concello do mesmo nome. É un concello rural que administrativamente posúe cinco parroquias: Santa Comba de Bértola, Figueirido, San Adrián de Cobres, Santa Cristina de Cobres e San Martín de Vilaboa, que se subdividen en barrios e lugares, co que suman sesenta e unha entidades de poboación.

Vilaboa non posúe un núcleo urbanístico, polo que segue a ser no momento actual un lugar moi ben conservado (de gran variedade natural e patrimonial).

A lingua utilizada maioritariamente polos habitantes do concello é o galego. Desde o Concello tratan de dinamizar a través de actividades lúdicas, culturais e deportivas en relación cos centros de ensino para que haxa unha integración dos seus habitantes. Esta é unha razón para que o Departamento de CCSS colabore con ese labor e non obstaculice esta dinámica enriquecedora, xa que así non se perderán os valores propios (culturais e lingüísticos) que cremos que son fundamentais como base dunha educación integral e democrática.

Cabe salientar que contamos cunha pequena porcentaxe de alumnado magrebí, posto que no barrio de Paredes está asentada, dende hai máis de vinte anos, unha comunidade de inmigrantes. E tamén con alumnado de etnia xitana.

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia constitúe unha contribución fundamental para a formación do alumnado na Educación Secundaria Obrigatoria. Coas materias desta área preténdese profundar no coñecemento da organización e o funcionamento das sociedades humanas, así como do territorio no que se asentan, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior da Educación Primaria na área denominada Coñecemento do Medio natural, social e cultural.

Tradicionalmente o estudo das disciplinas desta área foi fundamentalmente descritivo. Hoxe en día hai que insistir na necesidade non só de describir os contidos sociais, senón tamén de explicalos, tratando de que os coñecementos adquiridos sirvan para conseguir un desenvolvemento integral do alumnado. Por iso dende a nosa área propoñémonos que se estuden os aspectos máis próximos, sen esquecer as perspectivas máis amplas e as realidades máis remotas, tendo en conta o mundo globalizado de hoxe.

Emporiso, a finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo para que os alumnos adopten unha actitude crítica dentro dunha sociedade plural. Para isto dende as diferentes materias se traballará dun xeito específico.

O estudo da Xeografía contribuirá a interpretar o espazo natural e social e a súa evolución a través do tempo, e axudará a comprender as sociedades actuais e a aparición de novas temáticas como a problemática ambiental, o consumismo, os conflitos globais ou o turismo de masas.

O coñecemento histórico proporcionaralle ao alumnado un coñecemento global que resulta necesario para entender a xenealoxía do presente a partir do estudo do pasado, e para construír e mellorar o futuro. Será necesario facer emerxer no seu estudo suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, as minorías oprimidas e marxinadas..., dándolles o protagonismo que lles corresponde e que vai permitir unha renovación do discurso histórico.

Non debemos esquecer o estudo da Historia da Arte, presentando as obras como produto resultante da creatividade humana en diálogo permanente co tempo e o espazo, que se expresa cos seus propios códigos e que enriquece a visión global da realidade e as súas formas manifestarse.

Cabe salientar que á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

Tamén se favorecerá a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a socioloxía, a antropoloxía, a economía ou a ecoloxía, que ofrecen perspectivas de análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social.

O noso Departamento está encargado de organizar e desenvolver as ensinanzas propias da área, así como tamén:

- Valores Éticos
- Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, en 4º da ESO

MEMBROS DO DEPARTAMENTO:

Son as seguintes:

LUCÍA FORNO DÍAZ, xefa do Departamento, que imparte Xeografía e Historia en 3º e 4º da ESO, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, en 4º da ESO e Valores Éticos en 3º da ESO

MARTÍN GOCE VEIGA, que imparte Xeografía e Historia en 1º e 2º da ESO e Valores Éticos en 1º, 2º e 4º da ESO

## 2. OBXECTIVOS

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e súa mellora.

m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas utilizando diversos medios de expresión e representación.

n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 3. PROGRAMACIÓN POR MATERIAS

A área de Ciencias Sociais ten un acusado carácter integrador e globalizador pola súa sensibilidade ao interpretar o espazo natural e social e a súa evolución a través do tempo.

Por outra parte, a complexidade das sociedades actuais e a aparición de novas temáticas: educación ambiental, cívica, para o consumo, a paz ou o lecer; recomendan a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a socioloxía, a antropoloxía, a economía ou a ecoloxía, que ofrecen perspectivas de análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social.

Na ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

## 3.1. Xeografía e Historia (2º ESO)

**-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

| Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CCL | CMCCT | CD | CAA | CSC | CSIEE | CCEC |
| XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | | x | x | x | | | |
| XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | x | | x | x | | | |
| XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | | x | x | x | | | |
| XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | x | x | x | x | | | |
| XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | | x | x | x | x | | |
| XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | x | x | x | x | x | | |
| XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | | x | x | x | | | |
| XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | x | x | x | x | | x | |
| XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | | x | x | x | | | |
| XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | | x | x | x | | | |
| XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | x | x | x | x | | x | |
| XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | | x | x | x | x | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | x | | x | x | x | x | |
| XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | x | | x | x | x | | |
| XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | x | x | x | x | | | |
| XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | x | x | x | x | x | | |
| XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | x | x | x | x | | | |
| XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | x | x | x | x | x | | |
| XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | | x | x | x | x | | |
| XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | | x | x | x | x | | |
| XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | x | | x | x | x | | |
| XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | x | | x | x | x | | |
| XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | x | | x | x | x | x | |
| XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | | | x | x | x | | |
| XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflicta información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | | x | x | x | x | | |
| XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | x | x | x | x | | | |
| XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | x | x | x | x | x | | |
| XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | | | x | x | x | | |
| XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | x | x | x | x | x | | |
| XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | | | | x | x | | |
| XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | | x | | | x | | |
| XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | | x | | | x | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | | x | | | x | | |
| XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | x | | | | x | | |
| XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | | | | x | x | | |
| XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | | | | x | x | | |
| XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | x | | | | x | | |
| XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | x | x | | | x | | x |
| XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Ándalus na Idade Media. | x | x | | | x | | x |
| XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | | | | x | x | | |
| XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | X | | | | x | x | x |
| XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | x | | | | x | | |
| XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | x | | | | x | | |
| **RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES COAS COMPETENCIAS BÁSICAS** | 28 | 28 | 29 | 32 | 30 | 5 | 3 |

O acercamento da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias é moi salientable. Deste xeito, poderiamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

É opinión deste Departamento que a Xeografía resulta un instrumento esencial na conformación de unha conciencia cidadá e cívica, e que se converte en elemento fundamental do proceso de crecemento persoal do alumno a través do descubrimento e contacto coa realidade social e a comunidade á que pertence.

As competencias máis salientables CCL e CMCCT traballaranse dende a perspectiva da adquisicion dun vocabulario científico e específico das ciencias sociais que permita comprender a nosa sociedade e os retos actuais: lectura de novas de prensa, recoñecer as posibilidades das tecnoloxías e os adiantos científicos e empregalas axeitadamente....

Por outra banda, a CAA e a CSC serán eixos sobre os que se asente un desenvolvemento persoal do alumno, a adquisición dunha opinión fundamentada e a toma de partido nos problemas e retos do mundo actual e globalizado empatizando con situacións de desigualdade.

**-Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos seguintes aspectos: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, competencias clave e procedementos e instrumentos de avaliación**

## 2º DE ESO

Bloque 1. O medio físico

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1 | 2 | 3 | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | | X | | Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | CAA<br>CMCCT<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | | X | | Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | | X | | Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | CAA<br>CMCCT<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | | X | | Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | | X | | Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | CAA<br>CMCCT<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | | X | | Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | | X | | Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | CAA<br>CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| | | | | | CD<br>CCL | Proba escrita. |
| XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | | X | | Analiza as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | CAA<br>CMCCT<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | | X | | Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | CAA<br>CMCCT<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | | X | | Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | CAA<br>CMCCT<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | | X | | Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CCL | Observación na aula |

## Bloque 2. O espazo humano

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | | X | X | Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | CAA CMCCT<br>CSC<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | | X | X | Explica o impacto das migracións nos países de orixe e nos de acollemento. | CAA CMCCT<br>CSC<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | | X | X | Explica as principais características da poboación europea. | CAA<br>CCL CSC<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | | | X | Compara entre países a poboación europea. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | | | X | Explica a pirámide de poboación de España. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. décadas en décadas en España. | | | X | Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | | | X | Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | | | X | Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica | | | X | Sitúa no mapa do mundo as cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición economica | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | | | X | Identifica elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | CAA CMCCT<br>CSC<br>CD CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | | | X | Distingue os tipos de cidades do noso continente. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | | | X | Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia. | CAA CMCCT<br>CSC<br>CD CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | | | X | Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | CAA CMCCT<br>CSC<br>CD CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | | X | | Elabora gráficos de distinto tipo, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos | CAA CMCCT<br>CCL<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | | | X | Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | CAA<br>CMCCT CSC<br>CD CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | | | X | Compara paisaxes humanizadas españolas. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

**Bloque 3. A historia**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado | X | X | | Identifica elementos que son herdanza do pasado. | CSC<br>CCEC | Observación na aula |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | X | X | | Nomea e identifica distintas fontes históricas. | CSC CAA | Observación na aula |
| XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais | X | X | | Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes. | CSC CAA | Observación na aula |
| XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade | X | X | | Ordena temporalmente algúns feitos históricos. | CSC CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | X | X | | Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos | CSC CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | X | X | | Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | X | X | | Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | CSC CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | X | X | | Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | CSC CAA | Observación na aula |
| XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | X | | | Compara as formas de vida do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos. | CSC CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | X | X | | Coñece a sociedade feudal. | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | X | X | | Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | CSC CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | X | X | | Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | CSC<br>CCEC<br>CMCCT<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | | X | | Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | CSC CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | | X | | Coñece a importancia do Camiño de Santiago | CSC<br>CCEC<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | | X | | Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | X | | | Describe características da arte románica, gótica e islámica. | CSC<br>CCEC<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

**-Concreción metodolóxicas na materia / materiais e recursos didácticos:**

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A Xeografía e a Historia permiten desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese dos alumnos polos temas tratados na área.

Para iso, as unidades didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos e os máis básicos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase. Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita, prensa, manuais, monografías, etc, - como oral ou visual – medios de comunicación, diapositivas, etc.

Tentarase ademais atender a cada alumno de forma individualizada e flexibilizar o traballo adaptándose aos ritmos dos alumnos.

Con carácter xeral na materia de Xeografía e Historia de 2º da ESO usaremos o libro de texto *Xeografía e Historia 2º ESO,* Ed.Vicens Vives, un caderno de traballo e material fotocopiable elaborado polos docentes. Para afondar e completar o traballo do alumnado, visitaremos a biblioteca do centro para consultar atlas de xeografía e tamén manexaremos outros recursos como artigos de prensa, fotografías, mapas mudos e unha serie de textos históricos e xeográficos escollidos. O obxectivo é que o alumnado remate o ano académico tendo manipulado un surtido amplo de fontes de información das que poidan obter coñecemento ligado á materia.
O manexo destas fontes de información e produción de traballos por parte do alumnado, tamén contempla o uso das TICs. Algúns recursos serán certas aplicacións tales como prezi ou powerpoint para elaborar presentacións.

**-Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

As probas de avaliación inicial deben ter como obxectivo a detección das dificultades de aprendizaxe e os obxectivos curriculares non acadados no alumnado do nivel. Os seus resultados permitiranos a elaboración de programas de reforzo específicos ou cambios na programación para suplir as carencias detectadas.

Dentro das materias da área, consideramos que antes de realizar un instrumento de avaliación inicial, debemos ter en conta as seguintes premisas:

- Que esperamos que saiba o alumnado neste momento
- Que destrezas e habilidades deben ter ou deben adquirir
- Que grao de coñecemento teñen do vocabulario específico da materia
- Cal é o seu nivel de comprensión de textos

Ademais, calquera proba ou instrumento de avaliación inicial deberá valorar diferentes tipos de contidos e utilizar diferentes técnicas que nos permitan ver a situación do grupo-clase en canto a súa capacidade de expresión (oral ou escrita), comprensión lectora, interpretación de imaxes, gráficos e mapas e comprensión de nocións básicas (tempo, cambio- continuidade, causalidade...).

As probas de avaliación inicial realizaranse nos primeiros días de clase e os seus resultados serán contrastados co resto do equipo docente de cada grupo para elaborar unha estratexia de ensinanza-aprendizaxe conxunta nas avaliacións iniciais do centro.

## 3.2. Xeografía e Historia (4º ESO)

**-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

| Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CCL | CMCCT | CD | CAA | CSC | CSIEE | CCEC |
| XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo | x | | | x | x | | |
| .XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | x | | | x | x | | |
| XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | x | | | | x | | x |
| XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | x | x | | x | x | | |
| XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | x | x | | x | x | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB 2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | x | | | x | x | | |
| XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | x | | | x | **x** | | |
| XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras | x | | | x | x | | |
| .XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, eindica os proles e os contras. | x | | | x | x | | |
| XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes | x | | | x | x | | |
| XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | x | | | x | x | | |
| XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | x | | | x | x | | |
| XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais | x | | | | x | x | |
| XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | x | | | | x | | |
| XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | x | x | | x | x | | |
| XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | x | | | x | x | | |
| XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | x | | | x | x | | |
| XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | | | | x | x | | |
| XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial | x | | | x | x | | |
| XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | x | | | x | x | | |
| .XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | x | | | x | x | | |
| XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | x | | | x | x | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | x | | | x | x | | x |
| XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos | x | | | x | x | | x |
| XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | x | | | x | x | | |
| XHB5.1.2.Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | x | | | x | x | | |
| XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | x | | | x | x | | |
| XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | x | | | x | x | | |
| XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | x | | | x | x | | |
| XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | x | | | x | x | | |
| XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | | | | x | x | | |
| XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases da GC. | x | | | x | x | | |
| XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | x | | | x | x | | |
| XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | X | | | x | x | | |
| XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | x | | | x | x | | |
| XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría | X | | | x | x | | |
| XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam | x | | | x | x | | |
| XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador | X | | | x | x | | |
| XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a I ndia (1947). | x | | | x | x | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | X | | | x | x | | |
| XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | x | | | x | x | | |
| XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | X | | | x | x | | |
| XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | X | | | x | x | | |
| XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | x | | | x | x | | |
| XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | x | | | x | x | | |
| XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | x | | | x | x | | |
| XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | x | | | x | x | | |
| XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | | | | x | x | | |
| XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | x | | | x | x | | |
| XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | x | | | x | x | | |
| XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | x | | | x | x | | |
| XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra | x | | x | x | x | x | |
| XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | x | | x | x | x | | |
| XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos | x | | x | x | x | | |
| XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | x | x | x | x | x | x | x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | x | x | | x | x | | |
| XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | x | x | | x | x | | |
| XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | x | x | | x | x | | |
| XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | | x | | | x | | |
| XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | | x | | | x | | |
| XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | | x | | | x | | |
| XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | x | | | | x | | |
| **RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES COAS COMPETENCIAS BÁSICAS** | **57** | **10** | **4** | **55** | **61** | **3** | **4** |

O acercamento da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias é moi salientable. Deste xeito, poderiamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios de Historia); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

É opinión deste Departamento que a Xeografía resulta un instrumento esencial na conformación de unha conciencia cidadá e cívica, e que se converte en elemento fundamental do proceso de crecemento persoal do alumno a través do descubrimento e contacto coa realidade social e a comunidade á que pertence.

As competencias máis salientables CCL, CAA e CSS traballaranse dende a perspectiva da adquisicion dun vocabulario científico e específico das ciencias sociais que permita comprender a nosa sociedade e os retos actuais: lectura de novas de prensa, recoñecer as posibilidades das tecnoloxías e os adiantos científicos e empregalas axeitadamente....

Por outra banda, a CAA e a CSC serán eixos sobre os que se asente un desenvolvemento persoal do alumno, a adquisición dunha opinión fundamentada e a toma de partido nos problemas e retos do mundo actual e globalizado empatizando con situacións de desigualdade.

**-Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos seguintes aspectos: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, competencias clave e procedementos e instrumentos de avaliación**

**4º DE ESO**

**Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | X | | | Establece, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | X | | | Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | X | | | Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | CSC<br>CCEC<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | X | | | Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, no século XVIII | CSC<br>CMCCT<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | X | | | Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico . | CSC<br>CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |

## Bloque 2. A era das revolucións liberais

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | X | | | Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | X | | | Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas, sobre as revolucións liberais. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os pros e os contras. | X | | | Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | X | | | Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | X | | | Discute as implicacións da violencia. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula |

## Bloque 3. A Revolución Industrial

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB3.1.1. Analiza os pros e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | X | | | Analiza os pros e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | X | | | Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | X | | | Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | X | | | Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | CSC<br>CSIEE<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | X | | | Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | X | | | Elabora un eixe cronolóxico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | CSC<br>CAA<br>CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |

## Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | | X | | Explica como o Imperialismo influe na xeopolítica mundial e nas relacións económicas. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | | X | | Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | | X | | Recoñece as interconexións entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | | X | | Explica as causas e procesos da I Guerra Mundial. | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | | X | | Analiza o novo mapa político de Europa. | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | | X | | Describe a derrota de Alemaña. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | | X | | Analiza o alcance da Revolución Rusa. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | | X | | Analiza cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | | X | | Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

## Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | X | X | X | Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | | X | | Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008 | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | | X | | Analiza as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | | X | | Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | CSC<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | | X | | Explica as principais reformas durante a II República española.. | CSC<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | | X | | Explica as causas da Guerra Civil española. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |

## Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | | X | | Analiza as causas da II Guerra Mundial. | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | | X | | Localiza as fases do conflicto. | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | | X | | Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | | X | | Analiza as causas e consecuencias da II Guerra Mundial. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | | X | | Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | | | X | Explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | | | X | Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | | | X | Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | CSC<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | | | X | Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso. | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

## Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | | | X | Explica os avances dos réximes soviéticos en Europa. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | | | X | Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | | | X | Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008 | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | | | X | Explica as fases da ditadura de Franco. | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | | | X | Discute como se entende en España o concepto de memoria histórica | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

## Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | | | X | Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | | | X | Comprende os proles e contras do estado do benestar. | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | | | X | Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | | | X | Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | | | X | Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición. | CSC<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita. |
| XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | | | X | Analiza o problema do terrorismo en España. | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | | | X | Discute sobre a construción da Unión Europea . | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula |

## Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | | | X | Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CAA<br>CSIEE | Observación na aula |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | | | X | Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización | CSC<br>CAA<br>CCL | Observación na aula |
| XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | | | X | Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD | Observación na aula |
| XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | | | X | Analiza algun aspecto conflictivo da globalización. | CSC<br>CD<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |

## Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | 1º | 2º | 3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | | | X | Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global. | CSC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCL | O Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita<br>Observación na aula |
| XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | | | X | Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | CSC<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | | | X | Compara as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | CSC<br>CMCCT<br>CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | X | X | X | Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | CSC<br>CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | X | X | X | Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | CSC<br>CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | X | X | X | Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC<br>CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |
| XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | X | X | X | Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | CSC<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno.<br>Proba escrita |

**-Concreción metodolóxicas na materia / materiais e recursos didácticos:**

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A Xeografía e a Historia permiten desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da

información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese dos alumnos polos temas tratados na área.

Para iso, as unidades didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos e os máis básicos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos.

Esta área facilita tamén o dar unha aplicación práctica ós temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que eles coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese. Consideramos deste xeito fundamental a lectura de textos (novas de prensa, artigos variados...) como estratexia para construir aprendizaxes dende a adquisición dun vocabulario específico da Xeografía e Historia.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita –prensa, manuais, monografías, etc, - como oral ou visual – medios de comunicación, diapositivas, etc-.

Tentarase ademais atender a cada alumno de forma individualizada e flexibilizar o traballo adaptándose aos distintos ritmos dos alumnos. Consideramos necesario permitirlles aos alumnos que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos, así como aprender a facer autoavaliación.

Con carácter xeral na materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO usaremos o libro de texto *Xeografía e Historia 4º ESO,* Ed.Vicens Vives, un caderno de traballo e material fotocopiable elaborado polos docentes. Para afondar e completar o traballo do alumnado, visitaremos a biblioteca do centro para consultar atlas de xeografía e tamén manexaremos outros recursos como artigos de prensa, fotografías, mapas mudos e unha serie de textos históricos escollidos. O obxectivo é que o alumnado remate o ano académico tendo manipulado un surtido amplo de fontes de información das que poidan obter coñecemento ligado á materia.

O manexo destas fontes de información e produción de traballos por parte do alumnado, tamén contempla o uso das TICs. Algúns recursos serán certas aplicacións tales como prezi ou powerpoint para elaborar presentacións.

Á hora de optar por unha ou outra metodoloxía didáctica das varias que se poden aplicar na ensinanza-aprendizaxe da Historia da Arte, optamos por aquela que combina a construción do coñecemento da historia da arte do alumnado sobre unha base dobre: a exposición oral significativa por parte do profesor na aula, dirixindo e organizando o traballo e a selección dos aspectos a traballar, e o traballo con fontes documentais por parte do alumnado. Especialmente importante neste curso será dedicarlle tempo o proceso de ensinanza- aprendizaxe da técnica de comentario de láminas, porque é un dos principais procedementos da materia de Historia da Arte. É dicir, trátase dunha metodoloxía integradora onde se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.

**-Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

As probas de avaliación inicial deben ter como obxectivo a detección das dificultades de aprendizaxe e os obxectivos curriculares non acadados no alumnado do nivel. Os seus resultados permitiranos a elaboración de programas de reforzo específicos ou cambios na programación para suplir as carencias detectadas.

Dentro das materias da área, consideramos que antes de realizar un instrumento de avaliación inicial, debemos ter en conta as seguintes premisas:

- Que esperamos que saiba o alumnado neste momento
- Que destrezas e habilidades deben ter ou deben adquirir
- Que grao de coñecemento teñen do vocabulario específico da materia
- Cal é o seu nivel de comprensión de textos

Ademais, calquera proba ou instrumento de avaliación inicial deberá valorar diferentes tipos de contidos e utilizar diferentes técnicas que nos permitan ver a situación do grupo-clase en canto a súa capacidade de expresión (oral ou escrita), comprensión

lectora, interpretación de imaxes, gráficos e mapas e comprensión de nocións básicas (tempo, cambio- continuidade, causalidade...).

As probas de avaliación inicial realizaranse nos primeiros días de clase e os seus resultados serán contrastados co resto do equipo docente de cada grupo para elaborar unha estratexia de ensinanza-aprendizaxe conxunta nas avaliacións iniciais do centro.

## 4. AVALIACIÓN

A avaliación será continua e participativa. Isto quere dicir que se observará o traballo diario do/da alumno/a, valorándose o progreso de cada quen desde a situación de partida (AVALIACION INICIAL).

Os principais INSTRUMENTOS de avaliación serán:

- O seu caderno de clase, que é a mostra máis evidente do traballo diario e do nivel de adquisición das técnicas de traballo intelectual.
- As lecturas realizadas na aula, as intervencións nos debates e as intervencións orais, individuais ou en grupo, sobre temas suxeridos.
- Os traballos escritos, individuais ou en grupo, sobre temas marcados de antemán.
- As probas escritas, nelas valorarase a comprensión, a asimilación de contidos e sobre todo, a adquisición de destrezas concretas Procurarase que sexan diversas, unhas veces tipo “test”, e outras expositivas dun tema determinado ou respostas breves a cuestións claras, dependendo dos contidos que se queiran avaliar.
- Contémplase tamén a posibilidade de realizar comentarios de texto e gráficos.

### 4.1 Criterios de cualificación

- Probas escritas e orais de carácter obxectivo: 60%
- Traballos realizados, individuais ou en grupo: 20%
- Tarefas de clase: 10%
- Participación activa na aula e progreso: 10%

En todas as producións escritas poderá descontarse ata 1 punto por erros na presentación, ortografía, adecuación, coherencia ou cohesión.
A presentación ou entrega de traballos e proxectos ten un carácter obrigatorio.

As probas escritas só representan unha parte, importante iso si, da cualificación do alumnado. Realizaranse polo xeral dúas probas por trimestre, referidas respectivamente aos contidos de Xeografía e Historia. Terase en conta o número de estándares, o nivel de cada grupo e os criterios do profesorado.

A nota de cada trimestre será resultado da media entre probas escritas (exames), traballos, exposicións e actitudes, atendendo aos porcentaxes detallados anteriormente.

O aprobado de cada trimestre e o de final de curso establécese nun 5.

Para determinar a nota final de curso, aínda que moitos contidos son de carácter progresivo, valorarase do seguinte xeito:

1ª avaliación: 30%, 2ª avaliación: 30%, 3ª avaliación: 40%.

En caso de avaliación negativa artellaranse medidas concretas para cada caso (proba de recuperación trimestral, traballo escrito ou outras), de maneira que se incida nos aspectos non superados e se eviten probas de carácter global. O alumnado que non supere estas medidas terá que acudir á avaliación final.

### 4.2 Organización de recuperación e avaliación do alumnado coa materia pendente

O Departamento acorda facer un plan de traballo para facilitarlle ó alumnado a superación desta materia.

Constará de :

- Caderno de actividades de repaso que abrangan os contidos da materia, repartidas ao longo do curso en dúas entregas.

  A resolución destas cuestións deberanse entregar nas datas previamente fixadas polo Departamento.

- Realización de probas finais que se levarán a cabo antes de rematar o mes de maio e en xuño, nas que se formularán cuestións sobre o plan de traballo que se indica anteriormente.

## 5. PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS

A educación en valores debe estar presente en toda acción educativa, pois a súa incorporación ao proceso educativo redundará na calidade e na amplitude da formación adquirida polo alumnado. A materia de Xeografía e Historia cumpre un papel básico de punto de encontro de contidos e de valores diversos, os cales se traballarán de dous xeitos diferentes. Por un lado, de maneira ininterrompida, en cada clase, a través do respecto da quenda de palabra e da opinión dos demais, de tal xeito que se manifeste convivencia,

respecto, diálogo entre posicións diversas, boa expresión –oral e corporal– e bos modais. Por outro, os seguintes valores traballaranse de modo particular nas aulas asociándoos ás unidades oportunas de calquera curso da ESO:

**-Educación para a tolerancia a para a convivencia**. Nun mundo globalizado e con grandes movementos de poboación, o respecto aos demais é fundamental para a convivencia nunha sociedade plural.

**- Educación para Europa**, onde se coñecerán os alicerces culturais de Europa.

**-Educación para a paz e para os dereitos humanos**.

**-Educación para a igualdade entre xéneros**, mostrando as causas da situación actual e a necesidade de loitar por unha sociedade igualitaria.

**-Educación para o respecto polo medio ambiente**. Ao longo de todo o currículo da materia outórgaselle unha grande importancia á relación entre o ser humano e a natureza. O noso departamento fará fincapé nos recursos naturais da Terra e na súa relación directa co ser humano e as necesidades das sociedades modernas.

**-Educación para a saúde**, explicando que factores naturais, como a climatoloxía ou a latitude, determinan dalgún xeito a calidade de vida das persoas.

**-Educación para o consumo e para as novas tecnoloxías**, fundamental ante o deterioro constante do medio ambiente e a escaseza dos recursos naturais. Ao longo de todo o curso, ademais da concienciación no respecto polo material utilizado, estes contidos serán abordados.

**-Educación en emprendemento e desenvolvemento persoal**, recorrendo para isto á exemplaridade de acontecementos e personaxes históricas.

Ademáis, dende a nosa materia contribuiremos ao plan de convivencia do centro, no que se procuraran coidar as competencias cívicas e o comportamento do alumnado.

Mención especial merece a contribución ao **proxecto lector do centro**. A lectura, a escritura e a corrección ortográfica son

elementos de importancia capital para a formación integral do alumnado, que ademais estarán presentes nos criterios de avaliación e, por conseguinte, na cualificación do alumnado.

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

Tanto a avaliación inicial como a avaliación continua permiten detectar as diferentes medidas de atención á diversidade que poden ser necesarias, para o alumnado que necesite reforzo ou adaptación curricular e para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Para iso, partimos das indicacións e instrucións ofrecidas polo Departamento de Orientación do centro.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

Do establecemento do nivel de competencia curricular do grupo clase establecido a partir da avaliación inicial derívanse:

-medidas xerais de grupo ( metodolóxicas, curriculares e organizativas)

-plans individuais que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Entre as medidas de atención individualizadas enumeramos as seguintes:

1. Adaptacións metodolóxicas:

-Combinar periodos cortos de atención con realización de actividades.
-Empregar, en determinados momentos, como medio de aprendizaxe materiais informáticos .
-Traballar en pequenos grupos utilizando diversidade de materiais.
-Dividir as tarefas por secuencias breves.

-Permitir que o alumno poida, en ocasións, escoller entre diferentes tarefas.

-Reducir o número de exercicios.

2. Adecuación das actividades de aprendizaxe.

-Ampliación do tempo para realizar as actividades.

-Material de apoio como fotocopias para reforzar actividades e contidos que non comprende.

3. Adecuación da avaliación:

-Ter en contas nas probas escritas a posible dificultade coa expresión escrita dalgúns alumnos.

-Confirmación da comprensión semántica da información contida nos enunciados das preguntas.

-Permitir nalgúns casos de medios informáticos para realizar actividades que requiran linguaxe escrito.

-Facilitar a alternancia de realizar exames de forma oral e escrita.

-Combinar diferentes formatos de pregunta nunha mesma proba: V/F, completar un esquema, opción múltiple, frases para completar.

-Adaptación dos instrumentos de avaliación ( reducir extensión do texto, amplioar o tempo para realizar o resume...)

-Traballar, antes da proba, con mostras de formato de exame.

-Controlar que o alumno revise o exame antes de entregarlo.

-Definición explícita e precisa dos mínimos esixibles.

-Elaboración de plans de apoio e reforzo individualizados asociados aos mínimos esixibles deficitarios.

-Graduar os indicadores que establecen o grado de adquisición das aprendizaxes.

Tal como sinala a normativa ( DOG 7 de novembro de 1995)

Artigo 4º.-Definición e condicións.

2. As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

a)Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículum poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

b)Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarallo ó equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.

c)O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.

3.As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

.

## 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A nosa intención é realizar as seguintes visitas no terceiro trimestre para a materia de Xeografía e Historia, sempre a expensas de unha mellora na situación sanitaria actual que permita a seguridade na realización das mesmas:

1ºESO: Campo Lameiro, 2ºESO (en colaboración co Departamento de Relixión) : Castelo Soutomaior, 3ºESO: Baiona: Carabela Pinta e Casa da Navegación e 4ºESO (en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega): Roteiro Castelao e Museo de Pontevedra.
Tamén temos intención de continuar co proxecto de posta en valor do "Forno do Cal" de San Adrián de Cobres, en colaboración coa Concellaría de Cultura e Mocidade de Vilaboa e o Museo Etnolóxico de Ribadavia. Esta actividade está dirixida a todo o alumnado.
Asemade continuaremos en contacto co Concello de Vilaboa e coa Asociación pola Reparación da Memoria "A Regaduxa" para colaborar e participar en eventos e actividades que aínda están por decidir.

## 8. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA

Os obxectivos da avaliación da programación ou da práctica docente no Departamento de Xeografía e Historia son:

- Detectar necesidades educativas concretas no alumnado e aplicar as medidas de atención á diversidade

  necesarias segundo as dificultades de aprendizaxe que presente cada alumno/a.

- Coñecer o grao de cumprimento das programacións didácticas nas distintas materias.
- Valorar a posibilidade de introducir modificacións no desenvolvemento das programacións didácticas das materias do Departamento.
- Ter un seguimento dos resultados académicos nas avaliacións nas materias de Xeografía e Historia. Valorar estes resultados e facer un seguimento ao longo do curso.

Os instrumentos para a avaliación da programación ou da práctica docente son, fundamentalmente despois de cada avaliación:

_Aplicación de medidas de atención á diversidade nas materias de Xeografía e Historia.

_ Informes de Xefatura de Estudos sobre resultados académicos.

_ Valoracións presentadas polos membros do Departamento durante as reunións do Departamento.

_ Resultados académicos obtidos polo alumnado nas materias de Xeografía e Historia nas avaliacións.

Os membros do departamento revisarán mensualmente a temporalización dos contidos de cada materia, así como os aspectos didácticos necesarios para o seu mellor aproveitamento por parte dos alumnos.

Os membros do departamento analizarán ao final de cada avaliación os distintos aspectos do proceso de ensino- aprendizaxe en función dos resultados sumativos obtidos polos alumnos, implementando eventuais correccións durante o seguinte trimestre.

Na derradeira reunión os membros do departamento farán unha revisión xeral do curso e da programación para decidir que cousas modificar de cara ó curso vindeiro. Tal revisión e modificación ficará explícita na memoria de fin de curso.

| Indicadores | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato]. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato]. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bach]. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato] | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato] | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |
| Observacións: | | | | |

# 10.VALORES ÉTICOS

## INTRODUCIÓN

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da

actividade científico- tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á

personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

**OBXECTIVOS:**

-Valorar a dignidade humana e entender a especificidade do humano.

- Identificar as características ou rasgos psicolóxicos propios da personalidade.

-Comprender a importancia do desenvolvemento da autonomía na construción da identidade persoal durante a adolescencia.

-Comprender a relación entre liberdade persoal e responsabilidade.

-Distinguir entre autonomía e heteronomía moral.

-Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a importancia das habilidades sociais e emocionais na vida do adolescente.

-Desenvolver actitudes e habilidades para potenciar a autoestima.

- Coñecer as diferenzas entre os conceptos de ética e moral.

-Identificar a liberdade e a sociabilidade como bases da moralidade.

-Valorar a función que desempeñan os valores morais, como orientadores do comportamento humano, na vida persoal e social.

-Entender o concepto de norma moral e valorar a súa influencia no comportamento humano.

-Entender a relación existente entre ética, política e xustiza.

-Coñecer algunhas das teorías éticas máis importantes ao longo da historia: eudemonismo aristotélico, hedonismo de Epicuro, a ética utilitarista e a ética formal kantiana.

-Descubrir como se creou a ONU e as circunstancias históricas que motivaron a redacción da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

- Identificar os valores e os principios éticos que sustentan a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

-Coñecer o contido da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

-Identificar as situacións que supoñen unha violación dos dereitos da muller e da infan cia.

-Analizar a problemática á que se enfronta, hoxe en día, a aplicación da Declaración Universal de Dereitos Humanos.

-Descubrir os valores nos que se fundamenta a Constitución Española, e os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.

-Familiarizarse co contido da Constitución Española.

-Valorar a importancia da participación cidadá na vida política e coñecer algunhas das formas máis comúns de exercer esa participación.

-Averiguar que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos principais. 24.Reflexionar sobre os avances tecnolóxicos e científicos para considerar a posibilidade de fixar uns límites éticos e xurídicos, sobre a base do respecto á dignidade humana e os dereitos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

-Coñecer as causas e os síntomas da tecnodependencia.

-Entender o concepto de conciencia ecolóxica e valorar a necesidade de apostar por un desenvolvemento sostible.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As seis competencias clave son:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A distribución por estándares de aprendizaxe é a seguinte nas distintas materias:

**VALORES ÉTICOS 2º ESO**

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|
| **Bloque 1. A dignidade da persoa** | |
| VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. | ▪ CCL |
| VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. | ▪ CSC |
| VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela. | ▪ CSC |
| VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter. | ▪ CSC |
| VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais** | |
| VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| **Bloque 3. A reflexión ética** | |
| VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade. | ▪ CSC |
| VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta. | ▪ CSC |
| VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta. | ▪ CSC |
| VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. | ▪ CCL |
| VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.  | ▪ CCL |
| VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | |
|---|---|
| VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa. | ▪ CCEC |
| VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins. | ▪ CCL |
| VEB3.8.1 Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras. | ▪ CCL |
| VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins. | ▪ CCEC |
| VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| **Bloque 4. A xustiza e a política** | |
| VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza. | ▪ CCEC |
| VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. | ▪ CAA |
| VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado. | ▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| **Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos** | |
| VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía** | |
| VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, | ▪ CAA |

| | |
|---|---|
| avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.). | ▪ CMCCT |
| VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce ás persoas cara a unha progresiva deshumanización. | ▪ CMCCT |
| VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxénese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

# VALORES ÉTICOS 4º ESO

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|
| **Bloque 1. A dignidade da persoa** | |
| VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. | ▪ CSC |
| VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. | ▪ CCL |
| VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación violación de dereitos, etc. | ▪CAA |

| | |
|---|---|
| | |
| **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais** | |
| VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos. | ▪ CCL |
| VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar. | ▪ CCL |
| VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. | ▪ CSC |
| VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| **Bloque 3. A reflexión ética** | |
| VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa. | ▪ CSC |
| VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.). | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a. | ▪ CSIEE |
| VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. | ▪ CCL |
| VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal. | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións. | ▪ CSC |
| VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. | ▪ CAA |
| VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| **Bloque 4. A xustiza e a política** | |
| VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.). | ▪ CSC |

| | |
|---|---|
| VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.). | ▪ CSC |
| **Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)** | |
| VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia. | ▪ CCL |
| VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón). | ▪ CAA<br>▪ CD |
| VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| dela. | |
| VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar. | ▪ CSC |
| VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.). | ▪ CSC |
| VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc. | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH). | ▪ CCL |
| VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia. | ▪ CSC |
| VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.). | ▪ CD<br>▪ CSC |
| VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.). | ▪ CSC |
| VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. | ▪ CSC |
| VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH. | ▪ CSC |
| **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.** | |

| | |
|---|---|
| VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos Obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais,** como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas sexa o máis completo posible.

A diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado convídanos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que os caracterizan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

***Na área de Valores Éticos.***

Na área de Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

*Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos.

Por outro lado, contribuirase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

*Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á

sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

*Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

*Competencias sociais e cívicas*

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concebir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

*Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderiamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe

**CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTES ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

## 2º DA ESO

### Bloque 1. A dignidade da persoa

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | T1º | T2º | T3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. | X | | | Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. | CAA<br>CMCCT<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. | X | | | Explica a concepción kantiana do concepto de persoa. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela. | X | | | Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma. | CD<br>CSIEE | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter. | X | | | Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter. | CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional. | X | | | Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

### Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | T1º | T2º | T3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática. | X | | | Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito. | CCL<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente. | X | | | Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos. | CCL<br>CSC<br>CSIEE | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

## Bloque 3. A reflexión ética

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | T1º | T2º | T3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade. | | x | | Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral. | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta. | | x | | Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética. | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta. | | x | | Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre. | CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. | | x | | Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg. | CCL<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. | | x | | Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. | CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria. | | | x | Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles. | CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social. | | | x | Identifica valores éticos nas noticias dos medios de comunicación. | CSC<br>CSIEE | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc. | | | x | Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc. | CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas. | | | x | Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral. | CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. | | | x | Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral". | CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada. | | | x | Compara o relativismo e o obxectivismo moral. | CCL<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas. | | | x | Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais. | CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins. | | | x | Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro. | CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes. | | | x | Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo | CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións. | | | X | Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo. | CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa. | | | X | Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa. | CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de<br>Aristóteles dentro da categoría da ética de fins. | | | X | Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins. | CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras. | | | X | Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista. | CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins. | | | X | Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins. | CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista. | | | X | Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista. | CCL<br>CSIEE | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

## Bloque 4. A xustiza e a política

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | T1º | T2º | T3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza. | | | X | Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza. | CCEC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. | | | X | Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. | CAA | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado. | | | X | Entende a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado. | CSIEE<br>CD<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. | | | X | Expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. | CAA<br>CCL | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

## Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | T1º | T2º | T3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito. | | | X | Identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito. | CCL<br>CD | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

## Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnología

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | T1º | T2º | T3º | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.). | | | X | Analiza a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía. | CAA<br>CMCCT<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo. | | | X | Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente. | | | X | Expón as súas conclusións sobre o tema tratado de xeito argumentado e ordenado racionalmente. | CD<br>CSIEE | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización. | | | X | Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia. | CMCCT | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxénese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais. | | | X | Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |
| VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos. | | | X | Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas. | CSC<br>CSIEE | Observación na aula<br>Actividades de aula escritas recollidas no caderno. |

## 4º DA ESO

### Bloque 1. A dignidade da persoa

| ESTANDARES DE APRENDIZAXE | T1 | T2 | T3 | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| VEB1.1.1 - Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. | x | | | Identifica a orixe dos dereitos na dignidade da persoa. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB1.1.2 - Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón conciencia e liberdade. | x | | | . Identifica os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.. | Análise de producións dos alumnos |
| VERB1.1.3- Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH, dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc... | x | | | Relaciona adecuadamente os termos e as expresións que se utilizan na DUDH, dignidade da persoa e liberdade humana. | Análise de producións dos alumnos |

## Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relación interpersoais

| ESTANDARES DE APRENDIZAXE | T1 | T2 | T3 | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| VEB2.1.1 - Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos | x | | | Comenta os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB2.1.2 - Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar. | x | | | Explica os límites do Estado. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB2.1.3 - Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado. | x | | | Expón as súas conclusións de xeito argumentado. | Observación sistemática |
| VEB2.2.1 - Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. | x | | | Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB2.2.2 - Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. | x | | | Debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB2.2.3 - Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual. | x | | | Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB2.2.4 - Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. | x | | | Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva. | Observación sistemática |

## Bloque 3. A reflexión ética

| ESTANDARES DE APRENDIZAXE | T1 | T2 | T3 | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| VEB3.1.1 - Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa. | | x | | Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética. | Observación nsistemática |
| VEB3.1.2 - Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.). | | x | | Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética. | Análise de produccións dos alumnos |
| VEB3.2.1 - Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a. | | x | | Describe e avalía circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as imitacións e as oportunidades que se lle formulan. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB3.3.1 - Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. | | x | | Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. | Cuestionarios |
| VEB3.3.2 - Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal. | | x | | Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional) | Cuestionarios |
| VEB3.3.3 - Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións. | | x | | Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB3.4.1 - Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. | | x | | Identifica a ética do discurso como unha ética formal. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB3.4.2 - Utiliza a súa iniciativa persoa e emprendedora para elaborar unh presentación con soporte informátic acerca das éticas formais, expresando elaborando conclusións fundamentadas. | | x | | Elabora conclusión fundamentadas acerca das éticas formais. | Análise de produccións dos alumnos |

## Bloque 4. A xustiza e a política

| ESTANDARES DE APRENDIZAXE | T1 | T2 | T3 | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| VEB4.1.1 - Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.). | | x | | Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza e que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB4.2.1 - Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). | | x | | Diserta acerca da necesidade dunha regulación ética e política da globalización. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB4.2.2 - Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión medianteo diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.). | | x | | Comenta o deber ético e político que teñen todos os estadosde tomar medidas de protección dos dereitos humanos. | Análise de produccións dos alumnos |

**Bloque 5.** Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)

| ESTANDARES DE APRENDIZAXE | T1 | T2 | T3 | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| VEB5.1.1 - Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia. | | | x | Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB5.1.2 - Debate acerca da soluciónde problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia. | | | x | Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB5.2.1 - Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón). | | | x | Define os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls. | Observación sistemática |
| VEB5.2.2 - Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela. | | | x | Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB5.3.1 - Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar. | | | x | Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais a alcanzar. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB5.3.2 - Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.). | | | x | Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB5.3.3 - Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc. | | | x | Coñece algunha institución asociación de voluntarios/as que traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB5.4.1 - Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das | | | x | Razoa acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental | Intercambios orais cos alumnos |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH). | | | | das persoas. | |
| VEB5.4.2 - Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia. | | | x | Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz. | Observación sistemática |
| VEB5.4.3 - Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.). | | | x | Coñece algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB5.5.1 - Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.). | | | x | Coñece algún compromiso internacional realizado por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos. | Análise de producións dos alumnos |
| VEB5.5.2 - Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. | | | x | Explica a importancia da misión das forzas armadas. | Observación sistemática |
| VEB5.5.3 - Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH. | | | x | Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional. | Análise de producións dos alumnos |

**Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.**

| ESTANDARES DE APRENDIZAXE | T1 | T2 | T3 | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| VEB6.1.1 - Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter. | | | x | Utiliza criterios para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos. | Intercambios orais cos alumnos |
| VEB6.2.1 - Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financiero e empresarial. | | | x | Comprende a necesidade dunha ética deontolóxica no mundo laboral, financeiro e empresarial. | Análise de producións dos alumnos |

## -METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo. En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

## -MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non se esixirá a compra dun libro de texto. Usaremos fotocopias procedentes de diversos materiais (entre eles os únicos libros de texto adaptados á nova lexislación a día de hoxe). E por suposto usaremos diversos materiais ao servizo dos obxectivos didácticos, tales como:

- Escritos: informes estatísticos, textos de diversas procedencias, artigos de prensa,etc.
- Gráficos: imaxes, esquemas, croquis, fotografías, etc.
- Audiovisuais: diapositivas, transparencias, películas, etc.
- Informáticos: programas e páxinas web
- Material didáctico elaborado polos profesores do departamento.
- Fondos da biblioteca do centro.
- Libros de lectura.

## -AVALIACIÓN

O alumnado presentará un “Diario” cada avaliación. Para acadar a cualificación de 5, terá que ter feitas todas as actividades e recollida toda a información ditada e explicada. Ademais, a presentación será axeitada.

Para acadar a cualificación de 6 a 10, o alumno/a poderá:

- Recoller explicacións e debates
- Expoñer opinións argumentadas
- Presentar ampliacións aos temas tratados
- Ser creativo/a na presentación

Ademais haberá unha nota en cada avaliación de -1 a 1 (a engadir ou restar da nota do Diario), que nacerá da actitude na aula e os progresos nos contidos comúns.

Asemade o alumnado realizará un traballo anual por grupos que exporá ao resto dos compañeiros/as. Este traballo terá a cualificación de -1 a 1 que se engadirá ou restará á nota final (que xorde da media das tres avaliacións)

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN

Se o alumno/a suspende unha avaliación coa nota de 3 ou menos, haberá de repetir o Diario correspondente. Se o alumno suspende con 4 poderá compensar esa nota coa nota das outras avaliacións.

No caso de suspenso na nota final, o alumno terá que presentar na avaliación final, os diarios das avaliacións suspensas. Aínda que debemos matizar que nunca se deu o caso anterior, esta materia soamente a repiten aqueles alumnos e alumnas que repiten o curso completo.

## PLANS DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

A) CONTIDOS ESIXIBLES

Cada alumno e alumna deberá ser quen de coñecer os conceptos, vocabulario e información básica desenvolta en cada un dos bloques temáticos da materia. Para acadar eses contidos mínimos, o departamento fornecerá ao alumnado coa materia pendente dunha serie de actividades enfocadas na infomación e os contidos máis importantes de cada tema, tomando como referencia o material empregado no curso anterior.

B) PROGRAMA DE REFORZO

Ao comezo do curso serán convocados os alumnos e alumnas que tivesen a materia pendente e presentarásenlle unha serie de actividades que deben realizar e entregar aos profesores do Departamento nos prazos que se lle indiquen. As devanditas actividades consistirán nunha serie de preguntas de repaso de conceptos, de reflexión sobre problemas prácticos e algún traballo de busca de información en prensa ou internet dalgún tema relacionado coa materia.

C) ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realizarase un seguimento do traballo feito polo alumnado das actividades entregadas ao principio do curso. Ese traballo será avaliado e no caso de non ser superado farase un único exame nas datas que indique a dirección do centro.

## 4º ESO, INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

### OBXECTIVOS

1. Identificar as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.
2. Investigar con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.
3. Deseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.
4. Identificar as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.
5. Distinguir os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.
6. Describir as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigas de persoas traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas continxencias cubertas e describindo as prestacións mediante buscas nas webs institucionais.

7. Identificar as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes no ámbito indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.
8. Determinar a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.
9. Identificar as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, e outros.
10. Describir a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.
11. Manexar como usuario ou usuaria a nivel básico a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto de empresa.
12. Transmitir información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do proxecto de empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.
13. Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da mercadotecnia.

14. Desempeñar tarefas de produción e/ou comercialización no proxecto de empresa tomando decisións, traballando en equipo e cumprindo os prazos e obxectivos e propoñendo melloras segundo un plan de control prefixado.
15. Recompilar datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo coma do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.
16. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoo coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.
17. Enumerar as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.
18. Valorar as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.
19. Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.
20. Caracterizar de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.
21. Presentar un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.

22. Analizar os produtos financeiros máis adecuados de entre as entidades financeiras do contorno para cada tipo de empresa valorando o custo e o risco de cada un deles e seleccionando os máis adecuado para o proxecto de empresa.
23. Identificar as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

## DESCRITORES

| COMPETENCIAS CLAVE | INDICADORES | DESCRITORES |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* | Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos | - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.<br>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.<br>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.<br>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura. |
| | Vida saudable | - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.<br>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable. |
| | A ciencia no día a día | - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.<br>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).<br>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece a arredor nosa e responder preguntas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Manexo de elementos matemáticos | - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.<br>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.<br>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática. |
| | Razoamento lóxico e resolución de problemas | - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.<br>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.<br>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. |
| *Comunicación lingüística* | Comprensión: oral e escrita | - Comprender o sentido dos textos escritos e orais.<br>- Manter unha actitude favorable cara á lectura. |
| | Expresión: oral e escrita | - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.<br>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.<br>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario. |
| | Normas de comunicación | - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...<br>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Comunicación noutras linguas | - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.<br>- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.<br>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.<br>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas. |
| *Competencia dixital* | Tecnoloxías da información | - Empregar distintas fontes para a busca de información.<br>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.<br>- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. |
| | Comunicación audiovisual | - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.<br>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación. |

| | | |
|---|---|---|
| | Utilización de ferramentas dixitais | - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.<br>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.<br>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías. |
| *Conciencia e expresións culturais* | Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas | - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.<br>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.<br>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico. |
| | Expresión cultural e artística | - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.<br>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.<br>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. |
| *Competencias sociais e cívicas* | Educación cívica e constitucional | - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.<br>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. |
| | Relación cos demais | - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.<br>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.<br>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Compromiso social | - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.<br>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.<br>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.<br>- Involucrarse ou promover accións cun fin social. |
| *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor* | Autonomía persoal | - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.<br>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.<br>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.<br>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. |
| | Liderado | - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.<br>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.<br>- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais. |
| | Creatividade | - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.<br>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.<br>- Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian. |
| | Emprendemento | - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.<br>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.<br>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.<br>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo. |

| | | |
|---|---|---|
| *Aprender a aprender* | Perfil de aprendiz | - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...<br>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais a prol da aprendizaxe.<br>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. |
| | Ferramentas para estimular o pensamento | - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...<br>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. |
| | Planificación e avaliación da aprendizaxe | - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.<br>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.<br>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.<br>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. |

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

***Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial***

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

Desde a área contribúese ao desenvolvemento desta competencia aplicando o razoamento lóxico e a adquisición de diferentes elementos para o bo desempeño do alumnado nela, con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas, a elaboración dun plan de negocio e a análise da viabilidade, a confección dun plan de comercialización... E todo iso a través da observación do contorno, da súa análise e da realización de diversas formulacións para un desenvolvemento sostible.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

*Comunicación lingüística*

Importante para o desenvolvemento desta competencia é a adquisición de destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, consideradas desde a área de participación, en situacións de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de diferentes documentos... As actitudes e os valores desta competencia veranse en diferentes tarefas, nas que se fomentará o respecto ás opinións dos demais e o desenvolvemento do espírito crítico.

Os descritores que priorizaremos serán:
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

*Competencia dixital*

Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para diferentes ámbitos das nosas vidas, como traballo, ocio, aprendizaxe, participación na sociedade, etc. É fundamental coñecer o uso de varias aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información... todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas, tanto individuais coma grupais, nas que se requira consultar páxinas webs para obter información ou xerar documentos relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización de diferentes programas de xestión, na presentación-defensa de traballos a través da utilización de varios medios e formatos dixitais, e na publicitación do que queiramos transmitir. Por todo iso, formularanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha actitude activa, segura e crítica cara a estes.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

*Conciencia e expresións culturais*

A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que poidamos trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

Polo tanto, nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

*Competencias sociais e cívicas*

Esta competencia necesita do coñecemento e adestramento de diferentes habilidades para elaborar ideas, ter en conta a opinión dos demais, tomar decisións, resolver conflitos, interactuar con outras persoas e grupos respectando unhas normas, interpretar fenómenos e problemas sociais... Os diferentes aspectos que se tratarán desde esta área, como a empresa e a responsabilidade social, o espírito emprendedor, a creatividade e a innovación, o papel do Estado e as administracións públicas nas empresas, o valor social do diñeiro, os intermediarios financeiros na sociedade, a análise dos impostos con respecto ao benestar social, os dereitos e deberes dos consumidores no mundo do negocio, etc., permitirán ao alumnado a obtención dos coñecementos e as habilidades necesarios para o desenvolvemento desta competencia.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

A área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

*Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe do día a día do noso alumnado nos diferentes contextos nos que se encontre. Desde esta área adestramos aspectos como a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e as aproveite, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os mecanismos de creación de empresas e as finanzas e desenvolva o seu pensamento crítico e creativo para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar o noso contorno e avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

Para o desenvolvemento desta competencia, adestraremos os seguintes descritores:
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os contidos da área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial agrúpanse en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe formúlanse para 4.º curso da ESO.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicos que lle permitan alcanzar unha cultura científica; os alumnos e as alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu contorno.

**CONTIDOS**

**Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación**

1. A empresa na sociedade.

2. O carácter emprendedor.
3. As áreas de actividade profesional.
4. A carreira profesional.
5. Oferta e demanda de traballo.
6. A relación laboral.
7. O contrato de traballo.
8. A negociación colectiva.
9. Que é a Seguridade Social?
10. O Réxime Xeral da Seguridade Social.
11. Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
12. Riscos laborais.

**Bloque 2. Proxecto empresarial**

1. A idea de negocio.
2. Elementos e estrutura da empresa.
3. O plan de empresa (I).
4. O plan de empresa (II) A contabilidade como medida do patrimonio.
5. Documentos comerciais.

6. A información de recursos humanos.
7. O arquivo.
8. O proceso produtivo.
9. Valor e mercadotecnia.
10. A promoción.
11. Axudas á creación de empresas.

**Bloque 3. Finanzas**

1. A forma xurídica da empresa.
2. Trámites e autónomos.
3. Trámites e sociedades.
4. A sociedade limitada expresa.
5. Os investimentos na empresa.
6. As fontes de financiamento (I).
7. As fontes de financiamento (II).

8. Outras formas de financiamento.
9. A planificación financeira (I).
10. A planificación financeira (II).
11. VAN, TIR e limiar de rendibilidade.
12. Ratios. Impostos.

**SECUENCIACIÓN**

A intención é traballar un bloque por trimestre.

A secuenciación pode ser flexible en función da dinámica da clase, número de alumnado, as súas particularidades, a duración de cada trimestre e as actividades que se desenvolven durante os mesmos.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

**Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación**

1. *Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.*

1.1. Identifica as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.

1.2. Investiga con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.

2. *Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, autoemprego e carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.*

2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

3. *Actuar como un futuro traballador responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada así como comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.*

3.1. Identifica as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.

3.2. Distingue os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigas de persoas traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas continxencias cubertas e describindo as prestacións mediante buscas nas webs institucionais.

3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes no contorno indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.

**Bloque 2. Proxecto empresarial**

1. *Crear un proxecto de empresa na aula describindo as características internas e a súa relación co contorno así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores, clientes, sistemas de produción e comercialización e redes de almacenaxe entre outros.*

1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.

1.2. Identifica as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, e outros.

1.3. Describe a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.

2. *Identificar e organizar a información das distintas áreas do proxecto de empresa aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.*

2.1. Manexa como usuario ou usuaria a nivel básico a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto de empresa.

2.2. Transmite información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do proxecto de empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.

3. *Realizar actividades de produción e comercialización propias do proxecto de empresa creado aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.*

3.1. Crea materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da mercadotecnia.

3.2. Desempeña tarefas de produción e/ou comercialización no proxecto de empresa tomando decisións, traballando en equipo e cumprindo os prazos e obxectivos e propoñendo melloras segundo un plan de control prefixado.

3.3. Recompila datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.

**Bloque 3. Finanzas**

1. *Describir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores así como coas esixencias de capital.*

1.1. Distingue as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoo coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.

1.2. Enumera as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.

1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.

2. *Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica incluíndo as externas e internas valorando as máis adecuadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.*

2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.

2.2. Caracteriza de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.

3. *Comprender as necesidades da planificación financeira e de negocio das empresas ligándoa á previsión da marcha da actividade sectorial e económica nacional.*

3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.

3.2. Analiza os produtos financeiros máis adecuados de entre as entidades financeiras do contorno para cada tipo de empresa valorando o custo e o risco de cada un deles e seleccionando os máis adecuado para o proxecto de empresa.

3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

**-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTES ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

| Criterio de avaliación | Estándares | Grao mínimo para superar a área<br>Indicador mínimo de logro | T 1 | T 2 | T 3 | CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN<br>Instrumentos de avaliación<br>Procedementos de avaliación | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IAEE-B1.1 | IAEEB1.1.1 - Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | Identifica as calidades persoais,as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora | X | | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: .Intercambios orais cos alumnos/as | CSIEE, CAA |
| IAEE-B1.1 | IAEEB1.1.2 - Investiga Conmedios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo de cada una. | X | | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: .Intercambios orais cos alumnos/as | CD, CSIEE, CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |
| IAEE-B1.2 | IAEEB1.2.1 - Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego | X | | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as | CAA, CSIEE |
| IAEE-B1.3 | 4º-IAEEB1.3.1 - Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas. | X | | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as<br>INSTRUMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as | CSC, CSIEE |
| IAEE-B1.3 | IAEEB1.3.2 - Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentosde negociación colectiva | Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CSC, CSIEE, CMCT |
| | IAEEB1.3.3 - Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as | Describe as bases do sistema da dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as. | | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos | CCL, CSIEE CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | obrigas dos/das traballadores/as e dos/das deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas | | | | | | |
| IAEE-B1.3 | IAEEB1.3.4 - Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente | Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito. | X | | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. | CSIEE,<br>CAA,<br>CMCT |
| IAEE-B2.1 | IAEEB2.1.1 - Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve | Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características | | X | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Observación sistemática. | CSIEE,<br>CAA |
| | IAEEB2.1.2 - Identifica as características internas | Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, | | X | | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br>INSTRUMENTOS: Observación sistemática. | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IAEE-B2.1 | e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado,provedores/as, clientela, produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | así como os elementos que constitúen o contono específico desta | | | | | CSIEE, CMCT, CD |
| IAEE-B2.1 | IAEEB2.1.3 - Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as función de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo e desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as función de cada departamento | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CSIEE, CCL, CMCT |
| IAEE-B2.1 | IAEEB2.1.4 - Elabora documentos para a planificación das función | Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos | CCL, CSIEE, |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | | | | | alumnos/as. | CMCT |
| IAEE-B2.2 | IAEEB2.2.1 - Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CD, CMCT, CAA |
| IAEE-B2.2 | IAEEB2.2.2 - Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCL, CSIEE, CD, CMCT |
| IAEE-B2.3 | IAEEB2.3.1 - Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos | Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCL, CSIEE, |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | en internet | | | | INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CD, CMCT |
| IAEE-B2.3 | IAEEB2.3.2 - Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: | Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados. | | X | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as | CSIEE, CMCT, CD, CAA |
| IAEE-B2.3 | IAEEB2.3.3 - Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | Compila datos sobre os apoios á creación de empresas. | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CD, CMCT, CSIEE |
| IAEE-B3.1 | 4º-IAEEB3.1.1 - Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | Distingue as formas xurídicas das empresas | | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CSIEE, CMCT |
| | IAEEB3.1.2 - Identifica e enumera as administracións públicas | Identifica e enumera as administracións públicas implicadas | | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IAEE-B3.1 | implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | na posta en marcha de empresas | | | X | alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CD, CMCT, CSIEE |
| IAEE-B3.1 | IAEEB3.1.3 - Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar | Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas. | | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CSC, CMCT |
| IAEE-B3.1 | IAEE-B3.1.4Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CAA, CSIEE, CMCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IAEE-B3.2 | IAEEB3.2.1 - Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CSIEE, CMCT, CD |
| IAEE-B3.2 | IAEEB3.2.2 - Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CMCT, CD, CSIEE |
| IAEE-B3.3 | IAEEB3.3.1 - Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante | Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CD, CSIEE, CAA, CMCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IAEE-B3.3 | IAEEB3.3.2 - Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CAA, CSIEE, CMCT, CD |
| IAEE-B3.3 | IAEEB3.3.3 - Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CMCT, CD, CSIEE |
| IAEE-B3.3 | IAEEB3.3.4 - Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional | | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. | CSC, CAA |

## METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial: Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman os andamios da materia. A finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no

currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise sobre a importancia do mundo da empresa na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso, necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** sobre procedementos básicos da materia: a reflexión crítica, a análise da realidade, o desenvolvemento de capacidades individuais, a argumentación en público ou a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o adestramento sistemático de destrezas emprendedoras, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial é indispensable a **vinculación a contextos reais,** así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumnado presentará un “Diario” en Padlet coas tarefas e proxectode cada avaliación. Para acadar a cualificación de 5, terá que ter feitas todas as actividades e recollida toda a información ditada e explicada. Ademais, a presentación será axeitada.

Para acadar a cualificación de 6 a 10, o alumno/a poderá:

- Recoller explicacións e debates
- Expoñer opinións argumentadas
- Presentar ampliacións aos temas tratados
- Ser creativo/a na presentación

Ademais haberá unha nota en cada avaliación de -1 a 1 (a engadir ou restar da nota do Diario), que nacerá da actitude na aula e os progresos nos contidos comúns.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN

Se o alumno/a suspende unha avaliación coa nota de 3 ou menos, haberá de repetir o Diario correspondente. Se o alumno suspende con 4 poderá compensar esa nota coa nota das outras avaliacións.

No caso de suspenso na nota final, o alumno terá que presentar na avaliación final, os diarios das avaliacións suspensas.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non se esixirá a compra dun libro de texto. Usaremos fotocopias procedentes de diversos materiais (entre eles os únicos libros de texto adaptados á nova lexislación a día de hoxe). E por suposto usaremos diversos materiais ao servizo dos obxectivos didácticos, tales como:

- Escritos: informes estatísticos, textos de diversas procedencias, artigos de prensa,etc.
- Gráficos: imaxes, esquemas, croquis, fotografías, etc.
- Audiovisuais: diapositivas, transparencias, películas, etc.
- Informáticos: programas e páxinas web
- Material didáctico elaborado polos profesores do departamento.
- Fondos da biblioteca do centro.
- Libros de lectura.

## CONCLUSIÓN

Periodicamente, o  Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, celebrará reunións co fin de valorar a metodoloxía empregada para o logro progresivo dos obxectivos propostos.

Vilaboa, 15 de Setembro do 2023.

Asdo. Dna. Lucía Forno Díaz.
Asdo. Dn. Martín Goce Veiga.